

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de outubro de 2023**
Ás 17.43 horas do día 19 de outubro de 2023, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Teresa Barge Bello

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurenitno Alonso Araújo

D.^a Marina Vaz Quintillán

Deputado de Democracia Ourensana:

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO
DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2023.-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de setembro de 2023.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade do día 21 de setembro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, indica que estes días saíu unha comunicación da Comisión Europea respecto dos campos de fútbol sintéticos. Sobre os residuos produtos químicos e residuos de polímeros resistentes formulan a posibilidade da necesidade da desaparición dos campos de fútbol sintéticos no ano 2030, segundo normativa da Unión Europea. Na actualidade estamos a dedicar moitos recursos da Deputación e da Xunta a este tema, e debemos buscar alternativas, pero se a alternativa é volver á herba por unha cuestión económica vai imposibilitar a práctica do fútbol polo custo. Debemos solicitar máis información sobre as alternativas e para non incorrer en máis gasto, se dentro duns anos se imposibilita a práctica do fútbol nesas instalacións.

O Sr. presidente agradece a achega sobre o tema porque é algo que lles preocupa. Hai algúns proxectos en marcha, e volver á herba e á terra non lle parece a mellor solución. Engade que moitas veces se legisla pero o custo se lles transmite a outros. Engade que xa lles trasladaron este tema aos técnicos, para analizar o alcance e as alternativas e solucións. Agradece a indicación, e sinala que xa coñecen e están advertidos sobre o tema porque con frecuencia saen noticias nos medios de comunicación.

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, indica que tendo en conta que temos unha universidade de ciencias ambientais, poderíamos trasladarlle ao departamento correspondente a posibilidade de colaborar na investigación sobre alternativas (osos de olivas, cortiza, cortiza do piñeiro) poderíamos ter unha solución innovadora.

O Sr. presidente sinala que podería ser unha solución autóctona e axudaría. Recolle a suxestión.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, di que na modificación de crédito que se aprobou onte, recollíanse os campos de fútbol pendentes, entende que o proxecto seguirá adiante e se executarán en breve.

O Sr. presidente responde que coa modificación de créditos que se aprobou onte, temos máis cartos para facelos, pero non temos todos os cartos. Se facemos a modificación de créditos é porque temos a vontade de acometelos o máis pronto posible, pero algúns deles supera o millón de euros, e son cinco ou seis campos de fútbol. Engade que son conscientes do problema.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, pregunta se non se garante que no ano 2024 se executen os seis campos de fútbol.

O Sr. presidente responde que non se garante, dependerá dos cartos que se obteñan da Xunta.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, engade que a súa filla fixo o traballo de fin de grao sobre resina de caucho, e podería ser unha solución para este tema. Fai unha pregunta sobre a querela que no mes de agosto se interpuxo contra a Deputación e o Concello de Ourense polo Grupo Hereda do COB, desexando saber como está o tema e se hai intención desta Presidencia de seguir mantendo o paquete accionarial do COB como está actualmente ou se hai outra estratexia distinta á seguida pola Deputación.

O Sr. presidente responde que ata a data a Deputación non recibiu notificación legal de ningunha querela. Hai un borrador de querela circulando por whatsapp, pero os servizos xurídicos da Deputación non teñen ningunha notificación oficial da dita querela. Cando o teñan actuaran como corresponda. Respecto á posición da Deputación dentro do accionariado, de momento non hai ningunha circunstancia nova que lles invite a cambiar. E iso o falarían co Concello de Ourense para ter a máxima coordinación.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, di que na última comisión preguntou se xa se iniciou o expediente pola medalla de ouro de Xosé Cid.

D. César Fernández Gil, do Grupo Popular, indica que non ten datos aquí para responder.

E, ás 17.53 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

